


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 21/12/2015 13:53:01


SAIDA

13738/15



Valedor
do Pobo
Galicia

Sr. alcalde-presidente do Concello de Santiago
de Compostela
Praza do Obradoiro-Pazo de Raxoi



Expediente: G.6.Q/35804/15

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2015

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención D. José M. Bello Rey (Pte. da Asociación de Comerciantes e Empresarios Compostela Monumental) e D^a María Abelleira Méndez (asociación Veciños Compostela Vella).

No seu escrito indicánnos que desde hai bastante tempo os veciños e empresarios do centro histórico, en concreto os da zona da Praza do Toural e Rúa do Vilar, veñen padecendo as consecuencias da presenza permanente dun grupo de persoas sen teito ou en situación de exclusión social que acampan na zona e que manifestan en innumerables ocasións comportamentos contrarios á Ordenanza de Convivencia. Esta situación é pública e notoria, amplamente difundida e coñecida por todos os cidadáns. Achegan noticias ao respecto.

O que empezou cun encontro diario destas persoas na devandita zona, xeradora dunha situación contida e no límite do tolerable ata hai uns meses, agravouse desde o verán, ata o punto de xerarse un asentamento, con despregamento ostensible de enseres, e iso sen solución de continuidade e con manifestacións cada vez máis extremas e sistemáticas dos comportamentos incívicos, tales como ouriñar e defecar, consumir bebidas e sustancias susceptibles de alterar a convivencia, increpar ou asustar aos transeúntes, etc.

A ocupación descrita supón unha lesión dos principios de indemnidade e de compatibilidade do dominio público, así como unha lesión dos dereitos fundamentais de terceiras persoas e do propio interese xeral, tendo en conta que á degradación ambiental do referido espazo público súmase o feito de que os cidadáns -transeúntes ou posibles clientes de comercios ou establecementos hostaleiros- vense obrigados a evitar a zona, co consecuente menoscabo nas expectativas ou dereitos de consumidores e profesionais.

DOCUMENTO ENVIADO POR
FAX CON ANTERIORIDADE

Veciños e comerciantes son conscientes de que ademais dun problema de convivencia, tras estes feitos existe un problema social. Un problema do que son vítimas composteláns sen fogar nin traballo. Persoas que sofren unhas condicións de vida extraordinariamente adversas e que deben ser axudadas. Non só é evidente a situación de exclusión social na que se atopan estas persoas, senón que tamén resulta flagrante a contravención diaria da vixente Ordenanza Municipal de Convivencia, sen que se coñeza actividade municipal orientada a resolver a situación xerada, e iso a pesar de que en numerosas ocasións solicitaron do goberno municipal que aplique medidas para finalizar con esta situación.


No pasado pleno extraordinario presentouse unha moción pola que se solicitaba a aplicación efectiva da ordenanza de convivencia e outras medidas que garantisen as condicións adecuadas do dominio público e os dereitos dos veciños afectados. Para sorpresa de todos os cidadáns a moción presentada foi rexeitada, sinalan.


Reclaman que o Concello de Santiago de Compostela realice as xestións oportunas a fin de garantir os dereitos dos veciños e cidadáns afectados e preste auxilio ás persoas sen fogar.

Ao considerar que esta queixa reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 41 da Constitución, admítese a trámite e promóvese a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se basea, dando conta diso a vostede para os efectos previstos no artigo 22.1 da citada Lei do Valedor do Pobo.

En consecuencia, requirimos dese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre a comprobación das circunstancias mencionadas nela; sobre as actuacións de promoción dos dereitos das persoas sen teito, en exclusión social ou en risco de padecela; sobre as actuacións para dar aplicación á normativa municipal de convivencia e amparar os dereitos e lexítimos intereses reclamados; e sobre as demais circunstancias relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.


Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo



INFORME Nº 10/2017

Resumo de intervencións desde 23 de Novembro de 2015 ata 18 de Decembro de 2015

1. Nº de saídas de rúa: 16
2. Saídas específicas zona do Toural-Vilar: 9
3. Nº de persoas contactadas: 40
 - 28 persoas identificadas e con contacto habitual
 - 12 persoas sen identificar e de contacto esporádico
4. Nº de persoas ás que se lle cubre o aloxamento en pensións neste período (e a manteñen): 5
5. Nº de persoas valoradas para cubrir aloxamento de forma inmediata (Xaneiro 2016): 4

Teléfono de contacto do equipo de rúa: 670260870

Santiago de Compostela, 18/12/2015

Procedemento do equipo de interevención de rúa de Cruz Vermella en Santiago e Concello de Santiago

Obxectivo:

Establecemento do primeiro contacto e achegamento para o acompañamento social, facilita o inicio da relación entre os recursos e as persoas e clarifica demandas, que permiten contribuir á mellora destas.

O primeiro contacto é un momento importante, pero non é o fin principal, senón un medio para chegar á vinculación progresiva, que permita acompañar á persoa nun proceso de inclusión social, que é longo e do que se precisa a intervención conxunta entre tódolos recursos/entidades sociais.

Horarios de intervención:

Semanalmente, Cruz Vermella realiza 4 rutas de rúa en horario nocturno e diúrno:

Luns e Mércores: 20.30-23.30

Martes e Xoves: 8.00-10.30

**Estes horarios poderán modificarse en función dos acordos que se manteñan desde a mesa de traballo coordinada polo Concello de Santiago.*

**Mesa de Traballo para o estudo da situación das *Persoas Sen Teito-Transeuntes* e
coordinación dos recursos existentes en Santiago de Compostela**

ENTIDADES CONVOCADAS

Concelleira Delegada de políticas sociais, diversidade e saúde

Rede Galega contra a Pobreza (Eapn-Galicia)

Programa Vieiro Interparroquial Santiago

FEAFES GALICIA

Cruz Vermella

Albergue Xoan XXIII

Cociña Económica

Médicos do Mundo

Traballadores Sociais do complexo hospitalario de Santiago (Chus)

Colexio Oficial de Traballo Social

Colexio Oficial de Psicoloxía

Colexio Oficial de Educación Social *Educadoras/es Sociais (Ceessg)*
de Galicia

Xefatura de servizo da Área de Benestar Social

Xefatura de Sección Servizos Sociais

Traballadora Social – Pass Porta do Camiño

Educadora da Umad

Policía Local

Educadora Social Servizos Sociais Concello - Vivenda

Programa Acougo, 061

Unidade de Saúde mental CHUS

REUNIÓN CELEBRADAS

Xerais: 21/9/15; 21/10/15; 18/11/15; 2/12/15

Técnicas: 11/12/15; 18/12/15

Aprovada por unanimidade 9.11.2015



Compostela Aberta
Grupo Municipal


MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA POÑER EN MARCHA UN PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS SEN FOGAR E INSTAR ÁS OUTRAS ADMINISTRACIÓN S A QUE SE CORRESPONSABILICEN NA ABORDAXE DESTA PROBLEMÁTICA

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas sen fogar poden definirse como aquelas que “non poden acceder ou conservar un aloxamento axeitado, adaptado á súa situación persoal, permanente e que proporcione un marco estable de convivencia, sexa por motivos económicos e/ou outras barreiras sociais, sexa porque se atopan nunha situación de dificultade persoal que lles impide desenrolar unha vida autónoma” (Avramov, 1995, citado en Cabrera, Rubio e Blasco, 2008).

Ante esta situación, as persoas sen fogar vense obrigadas a pasar as noites no espazo público, en construcións que non cumpren criterios de habitabilidade ou que non están destinadas á vivenda, ou a aloxarse en vivendas de persoas achegadas ou familiares. Así, hai persoas que temporalmente poden dispor dun teito, pero non dunhas relacións sociais, laborais e familiares que, en xeral, se asocian á inclusión social. Deste xeito, o termo “persoa sen fogar”, a diferenza doutras denominacións como “sen teito” ou “sen vivenda”, non só implica a carencia dunha vivenda que cumpra cuns criterios mínimos de habitabilidade, senón que tamén alude á ausencia de relación sociais e familiares sólidas e do resto de atributos asociados ó concepto de fogar. Tal e



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

LUGAR E DATA

.....de.....de 2015.



como sinala o Centro das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos (Hábitat) (2000), o “sen fogarismo” engloba tanto as implicacións de non ter un lugar de pertenza como as de non ter un lugar para durmir. Moitas persoas sen fogar ocupan edificios abandonados ou dormen en albergues temporais, refuxios que sen embargo non lles proporcionan un fogar.

Neste sentido, cabe sinalar que a disposición dunha vivenda axeitada non só é un dereito (recollido no artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos) senón tamén a base das relacións humanas, do libre desenvolvemento do individuo e da súa participación activa na propia comunidade (Springer, 2000).

Dende o grupo municipal de Compostela Aberta consideramos que a erradicación do “sen fogarismo” e garantir o dereito a unha vivenda digna para todas as persoas que se atopan nesta situación é unha das prioridades políticas máis importantes. No obstante, sabemos que este obxectivo non o poderemos alcanzar en solitario, senón que é preciso a implicación e vontade das administracións dos outros niveis de goberno, as cales ata o momento non se propuxeron seriamente abordar esta problemática social na cidade de Santiago de Compostela. Esta cidade polas súas características - por ser a fin do Camiño de Santiago- recibe e acolle a un importante número de persoas que peregrinan ata Compostela e que nalgúns casos deciden instalarse sen ningún tipo de arraigo familiar e persoal.

Dende o goberno de Compostela Aberta imos a facer todo o que sexa posible no marco das nosas competencias para mellorar as condicións de vida destas persoas a curto e medio prazo e iniciar un proceso de traballo conxunto coas entidades sociais e na medida do posible coas outras

A tal efecto achegase coa memoria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicte o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.

- Aportase como soportes documentais (carteis, folletos, enquisas, captura de pantalla paxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc*) xustificativos o/s seguinte/s:

- Indícanse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2015(BOP Nº) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2015. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE



administracións públicas para elaborar un modelo de intervención que, procurando a corresponsabilidade, permita abordar de forma estrutural e integral a grave problemática destas persoas, as cales se atopan nunha situación extrema de vulnerabilidade social.

Ata o momento a Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde creou unha mesa de traballo coas entidades sociais presentes no municipio de Compostela que focalizan as súas actuacións nas persoas sen fogar. No marco desta mesa, conseguimos identificar o número aproximado de persoas “sen teito” que viven de forma permanente en Compostela, as zonas nas cales dormen e as problemáticas principais que afrontan. Así mesmo, actualmente estase elaborando un catálogo de servizos dispoñibles na cidade para as persoas sen fogar e examinado posibles fórmulas para mellorar a coordinación entre todos os axentes que presten recursos e servizos a este colectivo.

No marco deste liña de traballo, e co obxectivo de conseguir os obxectivos mencionados anteriormente, o grupo de Goberno Municipal de Compostela Aberta, propón a aprobación polo Pleno do seguinte,

ACORDO

- 1) Crear, en colaboración coas entidades sociais especializadas nesta problemática, o Programa Municipal de Atención Integral a Persoas sen Fogar, no marco do cal se leven a cabo polo menos as seguintes tres actuacións:

supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as aportacións á actividade subvencionada.

O que asino en _____ a data de _____

Sinatura

ANEXO X

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO
FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE**

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/
actividade

subvencionada _____


_____ obxecto do convenio, asinado co Excmo. Concello de Santiago no ano 2015, de
conformidade co establecido na **cláusula oitava** do convenio, en cumprimento do disposto na
normativa reguladora das subvencións.

EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO.

44



- A posta en marcha dun equipo de rúa especializado e multidisciplinar que ofrezca acompañamento social, sanitario ou o que se considere oportuno ás persoas sen fogar que non acceden a outros servizos ou programas e que se atopan en situación de dificultade severa para acceder ós circuitos de atención primaria e especializada.
 - Ofrecer a todas as persoas sen fogar que o precisen o acceso gratuito a pensións, nas cales poidan pasar a noite e acceder a medios de hixiene.
 - Poñer en marcha as denominadas "Vivendas Municipais de Saída" as cales, seguindo o modelo de intervención "Housing First", servirán para ofrecer uns fogares permanentes – e nunha primeira fase, de baixa esixencia- dende as cales as persoas sen fogar poidan iniciar o proceso de recuperación.
- 2) Instar ás administracións pública de nivel superior, especialmente á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de A Coruña- a que colaboren economicamente co Concello de Santiago de Compostela na creación dun Centro Municipal de Acollida para persoas sen fogar, no cal se poida ofertar un espazo de encontro e acollida 24 horas ao día para estas persoas. Dito equipamento serviría tamén para que un equipo multidisciplinar de profesionais do concello poida traballar con esas persoas algunhas problemáticas específicas que lles impiden ou dificultan a súa



CONCELLO DE SANTIAGO



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

DA NÓMINA			
	IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=		

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL=	

4º.- Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de€, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL=	

5º.-Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a

6º.-Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non



recuperación e inserción socio-laboral. Outros servizos que se poderían ofrecer neste centro serían unha consigna para que os/as usuarios/as deixen os seus *enseres* persoais, información e asesoramento, cursiños específicos, unha biblioteca, unha sala de informática, etc.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2015

Concepción Fernández Fernández

Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde

ANEXO IX
XUSTIFICACIÓN XERAL DA SUBVENCIÓN

D. _____ como representante legal de :

Entidade beneficiaria CIB/NIF

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Actividade ou programa: Convocatoria: Datas de realización: Importe da actividade: Importe da subvención concedida:

2º. - Que os gastos xerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

RELACIÓN DE FACTURAS

Nº DE FACTURA OU DATA	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGO
-----------------------------	----------	---------	-----------------



**SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA**
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E
PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA



PROPOSTA PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO DE TRES (3) VIVENDAS DE TRANSICIÓN PARA PERSOAS SEN FOGAR O SEN TEITO NA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



**SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA**
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E
PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA



1.- Presentación da entidade

1.1.-¿Quenes somos?

A **Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia** é unha entidade sen ánimo de lucro, creada en 1995 e que actualmente agrupa a 14 asociacións repartidas por toda a comunidade galega con diferentes servizos e dispositivos de atención dirixidos a persoas con enfermidade mental e as súas familias.

A **misión de Feafes Galicia** consiste en mellórala da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias e/ou cuidadores, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo Feafes en Galicia, brindando apoio e coordinación ás asociacións que a integran. A través das asociacións e das nosas delegacións estamos presentes activamente nunha treintena de localidades galegas e representamos a máis de 41.000 persoas con discapacidade por este tipo de problemáticas, das que case 6.000 son socios de Feafes Galicia.

1.2.- ¿A quen nos diriximos?

- ⇒ Ás persoas con enfermidade mental e aos seus familiares
- ⇒ Aos profesionais relacionados coa saúde mental
- ⇒ Á sociedade en xeral

1.3.- Os nosos obxectivos

O traballo que desenvolvemos en **Feafes Galicia** oríntase a buscar mellórala da calidade de vida e o día a día das persoas con enfermidade mental. Para iso:

- Defendemos os dereitos e as necesidades das persoas con enfermidade mental e dos seus familiares.
- Ofrecemos de forma gratuita unha serie de servizos que teñen como obxectivo mellorar a calidade de vida deste colectivo.
- Asesoramos e representamos o movemento asociativo e os dereitos colectivos.
- Levamos a cabo campañas antiestigma e de sensibilización sobre a enfermidade mental.

1.4.- Carteira de Servizos de FEAFES GALICIA

⇒ **Información e atención sociofamiliar**

FEAFES Galicia proporciona ás persoas con enfermidade mental e as súas familiares información e asesoramiento sobre saúde mental, recursos e servizos que lles poidan resultar de utilidade. Os nosos profesionais ofrecen atención individualizada e



**SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA**
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E
PESOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA



personalizada. Ademais, prestamos atención temprana a familiares de persoas con enfermidade mental de diagnóstico recente.

⇒ **Asesoría xurídica especializada**

Dispoñemos dun servizo de asesoramiento legal gratuito para todas aquelas persoas con enfermidade mental, familiares, asociacións e institucións que necesiten orientación en temas de pensións, herdanzas, incapacitacións, problemas penitenciarios ou laborais.

⇒ **Centros de rehabilitación psicosocial e laboral**

Os centros de rehabilitación psicosocial e laboral prestan unha atención diurna, global e multidisciplinar ás persoas con enfermidade mental crónica. Estes centros teñen como obxectivo manter á persoa con enfermidade mental na súa contorna, promovendo e apoiando a súa integración psicosocial, para que desenvolvan unha maior autonomía e independencia.

⇒ **Alternativas de vivenda**

Para as persoas con enfermidade mental que non teñen posibilidade de convivir cos seus familiares ou de xeito independente, as nosas asociacións ofrecen dúas alternativas de vivenda protexida: os pisos tutelados e as mini residencias. En ambos casos, están atendidos por persoal especializado.

⇒ **Ocio e Deportes**

As actividades de lecer e deportes organizadas por Feafes Galicia permiten mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental e das súas familias. Así, os participantes rompen coa rutina diaria, realizan actividade física suscitada desde unha perspectiva lúdica, enriquecécese culturalmente, socializan e intégranse na sociedade. Á súa vez, permite un respiro aos familiares na súa tarefa de cuidadores.

⇒ **Formación e inserción laboral**

En **FEAFES Galicia** ofrecemos información, asesoramiento e apoio á inserción laboral traballando como centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia desde 2002. Para iso, contamos co Observatorio de Emprego para Persoas con Enfermidade Mental (OEDEM), que ten como misión facilitar a inserción laboral a través de accións de información, orientación, cursos, prospección e intermediación laboral coas empresas e apoio para a consecución e o mantemento do posto de traballo.



**SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA**
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E
PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA



Ademais, dispoñemos de centros ocupacionais, onde se realiza terapia ocupacional e actividades para elaborar produtos ou servizos baixo a orientación de persoal técnico. Tamén contamos con centros especiais de emprego, coa mesma estrutura e organización que unha empresa, onde as persoas con enfermidade mental teñen un posto de traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais e que lle axude á súa integración laboral no mercado de traballo.

⇒ **Comunicación e sensibilización**

FEAFES Galicia conta cun departamento de comunicación, responsable de difundir unha imaxe positiva das persoas con enfermidade mental entre a sociedade. Para iso, estamos en contacto cos medios de comunicación, elaboramos publicacións, material divulgativo e difundimos as nosas mensaxes a través da rede.

⇒ **Outros servizos**

Outros servizos que se están prestando na actualidade son atención a domicilio, atención a persoas recluídas nos cinco centros penitenciarios de Galicia, promoción e fomento da autonomía persoal e un teléfono de atención telefónica gratuita a disposición dos usuarios, familiares, profesionais e sociedade en xeral.

1.6 Recursos das asociacións Federadas

⇒ **Centros de Rehabilitación psicosocial e laboral**

Os centros de rehabilitación psicosocial e laboral prestan unha atención diurna, global e **multidisciplinar ás persoas con enfermidade mental crónica. Estes centros teñen como obxectivo manter á persoa con enfermidade mental na súa contorna, promovendo e apoiando a súa integración psicosocial, para que desenvolvan unha maior autonomía e independencia.**

⇒ **Alternativas de Vivenda**

Para as persoas con enfermidade mental que non teñen posibilidade de convivir cos seus familiares ou de xeito independente, existen dúas alternativas de vivenda protexida: os pisos tutelados e as mini residencias. En ambos casos, están atendidos por persoal especializado.



**SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA**
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E
PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA



Proposta:

PROPOSTA PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO PARA TRES (3) VIVENDAS DE TRANSICIÓN PARA PERSOAS SEN FOGAR O SEN TEITO NA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.- Datos xerais e características da proposta:

2.1 Entidade solicitante:

FEAFES GALICIA y su delegación de Santiago de Compostela con recursos y servicios en la ciudad de Santiago.

2.2 Nº e Perfil das personas beneficiarias:

A proposta está deseñada para 6/8 participantes (50% homes e 50% mulleres inicialmente) co seguinte perfil:

- ⇒ Sen fogar, sen teito ou grave risco de exclusión
- ⇒ Trastornos psiquiátricos.
- ⇒ Carencia de redes socio familiares de apoio ou soporte vital, o que si as teñen sexan débiles o desartelladas
- ⇒ Deterioro psicosocial referido a varios aspectos da vida diaria: hixiene persoal, autocoidado, relacións interpersoais, manexo social, etc.; e que dificultan o desenvolvemento ou mantemento da autosuficiencia económica.
- ⇒ Que acepten voluntariamente participar no proxecto e as normas de inclusión no mesmo.

2.3 Ámbito de actuación

Concello de Santiago

2.4 Actividades a realizar:

Se levarán a cabo as seguintes actividades

- ⇒ **Conformación do equipo técnico**
- ⇒ **Identificación dos dispositivos residenciais (Vivendas: dous para homes e outra para mulleres)**
- ⇒ **Avaliación/Valoración de persoas usuarias.**



**SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA**
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E
PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA



Realizaremos a avaliación das persoas susceptibles de ser beneficiarias do proxecto en base ao perfil previamente definido.

Os equipos de rúa, servizos sociais u outras entidades, derivarán a FEAFES ás persoas que consideren que se axustan ao perfil. En FEAFES o seu equipo en coordinación con os demais axentes involucrados no programa, valorarán a súa incorporación.

Na avaliación deben definirse cales son os recursos aos que se deriva á persoa o as pautas de actuación con ela

⇒ **Elaboración de actividades de apoio inicial e accións específicas**

Estes planes deberán estar consensuados polo equipo de traballo e neles se fixarán os obxectivos, as accións a realizar e os profesionais correspondentes. Levaranse a cabo as accións de apoio inicial as necesidades básicas que se consideren oportunas e necesarias.

⇒ **Seguimento de casos**

Dada a dificultade de intervención con colectivo, o seguimento frecuente e sostido no tempo é un factor imprescindible para o éxito da intervención. O protocolo establecerá a frecuencia mínima de seguimento segundo a fase do proceso na que se encontre a persoa.

⇒ **Coordinación e avaliación da intervención**

Para o correcto seguimento e avaliación da intervención é imprescindible establecer unha comunicación continuada e frecuente entre todos os profesionais implicados, ben sexa de xeito telefónico o en reunións de equipo.

⇒ **Difusión e comunicación**

2.5 Metodoloxía da proposta

No marco da proposta faise necesaria a articulación dun sistema integrado de servizos e dispositivos que dun modo flexible e coordinado poida cubrir diferentes necesidades, aínda que atendendo as súas particularidades, contexto, historia vital e situación social.

Isto pode levar a que a intervención teña que desenvolverse priorizando determinadas actuacións urxentes sobre outras que quedarían encadradas en etapas ou fases posteriores, xa que os procesos de intervención con estas persoas son longos, lentos, complexos e na maior parte dos casos cheos de “idas e voltas”:



**SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA**
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E
PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA



Necesidades básicas:

- ⇒ Aloxamento/ Vivenda
- ⇒ Alimentación
- ⇒ Vestido e hixiene
- ⇒ Atención médica (básica e especializada)
- ⇒ Atención social (prestacións, servizos especializados, documentación...)

Necesidades específicas:

- ⇒ Rehabilitación psicosocial
- ⇒ Rehabilitación laboral
- ⇒ Estabilidade clínica e da enfermidade

Isto non implica que sexa necesario crear servizos específicos para o colectivo de persoas con enfermidade mental crónica e sen fogar respecto de cada unha destas necesidades, excepto para os dispositivos de vivenda e aloxamento con todo o que implican, que no caso das persoas sen fogar e/o sen teito responde a súa necesidade máis perentoria inicialmente.

En bastantes dos casos os servizos xa existen e poderían ser utilizados por estas persoas nunha segunda etapa da intervención. O problema está en lograr que as persoas accedan a os mesmos dun modo adecuado, que lles permita beneficiarse dos mesmos, polo que é preciso desenvolver fórmulas activas e de busca que nos permitan acercarnos a esta poboación diana alí onde se atopa, en este caso na rúa principalmente. Este proceso pode ser complexo de artellar e facelo funcionar sen algo tan básico e fundamental como o “teito” non está garantido. **Podemos ter en conta dúas fases de intervención: Unha primeira que se levaría a cabo no 2015 e outra o longo do 2016**

FASE 1. 2015

- ⇒ Conformación do equipo técnico e programación da intervención
- ⇒ Identificación das vivendas
- ⇒ Identificación de persoas usuarias por parte dos equipos de rúa e Feafes
- ⇒ Preparación para o ingreso e a segunda FASE
- ⇒ Seguimento e coordinación outros dispositivos e entidades implicadas
- ⇒ Coordinación Concello

FASE 2. 2016

- ⇒ Ingreso
- ⇒ Articulación e despliegue do soporte, apoio e supervisión do equipo
- ⇒ Coordinación equipos de rúa
- ⇒ Coordinación e planificación das accións, protocolos e coordinación operativa cos equipos de rúa



**SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA**
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E
PESOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA



2.7 Perfís profesionais:

En cada piso habería dous equipos de intervención e un/unha coordinador ou coordinadora sobre quen recaerá a responsabilidade do proxecto. A composición dos equipos atendendo o seu perfil técnico será:

- ⇒ 1 Coordinador/a do programa
- ⇒ 1 Psicólogo/a
- ⇒ 3 Educadores/as Sociais ou traballadores/as Sociais (en todo caso persoas cunha formación no ámbito social, con coñecemento e experiencia en enfermidade mental e con orientación e competencias para o traballo de campo e con persoas en exclusión social)
- ⇒ 1 asesor xurídico
- ⇒ 1 orientador laboral

2.8 Temporalización de la oferta

FASE 1: 10 de novembro – 31 Decembro de 2015

2.9 Orzamento:

Para a FASE 1

- ⇒ Posta en marcha equipo técnico e procedementos de traballo. 4 técnicos especializados segundo os perfís descritos + 1 coordinador
- ⇒ Visitas vivendas, diagnóstico necesidades.
- ⇒ Dotación equipo de traballo: material oficina, comunicación, formación
- ⇒ Desprazamentos e mobilidade

TOTAL PROPOSTA FASE 1 (Outubro-Decembro)	16.800€.-
--	------------------

Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2015

Antonio Hernández Fernández
DIRECTOR DE FEAFES GALICIA




CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CRUZ VERMELLA

Santiago de Compostela a vinte e oito de decembro dous mil quince


REUNIDOS

Dunha parte,



Dona Concepción Fernández Fernández, Concelleira- delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2015, polo Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e, que lle son recoñecidas a éste polos artigos 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

Doutra,




Don Leopoldo Vaamonde Mosquera, con DNI 33181924-P, que intervéen neste acto en nome e representación de Cruz Vermella, con número de identificación social Q-02866001-G e domicilio social na avenida de Lugo, s/n, código postal 15703, en Santiago de Compostela, como entidade sen ánimo de lucro (ONG) constituída no ano 1864 ao abeiro da lexislación, actuando como presidente e conforme as competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 15 dos estatutos da asociación.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN



Primeiro



O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro,

de racionalización e sostibilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e, conforme ao disposto na Disposición Transitoria Segunda da citada Lei.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, a fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.


Segundo o artigo 2.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

Segundo

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exixencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atribuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social.

Terceiro


En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.




Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Cuarto

As "persoas en exclusión" que viven en Santiago de Compostela atópanse nunha situación de extrema vulnerabilidade e exclusión social. Trátase de persoas que, en xeral, non acceden aos diversos recursos públicos por descoñecemento ou pola propia situación de deterioro persoal e psicolóxico.



Durante os últimos tempos, os problemas habituais que afronta este colectivo de persoas víronse agravados de forma dramática debido á grave crise socio-económica e importante recorte en políticas sociais. Como consecuencia, as axudas económicas víronse notablemente reducidas para este colectivo e a saturación dos servizos por parte da poboación normalizada que se viu afectada pola crise, comportou unha dificultade aínda maior de acceso a recursos e servizos de atención primaria e especializada por parte destas persoas.



O factor principal de exclusión social que presentan é a escaseza extrema de recursos, unida a unha carencia ou deterioro das redes de apoio familiar e social. Dada a situación de emerxencia social destas persoas, denunciada de forma reiterada pola cidadanía compostelá, dende a Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde no mes de outubro constituíuse unha mesa de traballo coas entidades sociais presentes no municipio de Compostela que focalizan as súas actuacións nas persoas en exclusión. No marco desta mesa, identificáronse aproximadamente a 40 persoas "sen

teito" que viven actualmente de forma permanente en Compostela, as zonas nas cales dormen e, algunhas das problemáticas principais que afrontan. Asemade, no marco desta mesa, consensuouse que era preciso deseñar de forma urxente actuacións específicas dirixidas a mellorar a situación destas persoas.

Como consecuencia de todo isto, o pasado mes de novembro, o Pleno do Concello de Santiago, aprobou por unanimidade, unha moción de urxencia presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, a través da cal se acordou poñer en marcha, en colaboración coas entidades especializadas, un programa municipal de atención integral ás persoas en exclusión severa, entre cuxas actuacións prioritarias a curto prazo se incluíron as seguintes:

- A posta en marcha dun **equipo de rúa** especializado e multidisciplinar que ofrezca acompañamento social, sanitario ou o que se considere oportuno, , ás persoas que non acceden a outros servizos ou programas e, que se atopan en situación de dificultade severa para acceder ós circuitos de atención social.

Ofrecer a todas as persoas en exclusión que o precisen, o **acceso gratuito a pensións**, nas cales poidan pasar a noite e acceder a recursos de hixiene.

A Entidade Cruz Vermella, configúrase como unha institución humanitaria, de carácter voluntario e de interese público ó amparo dos convenios internacionais sobre a materia nos que España sexa parte, se rexe polo Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo, modificado polo RealDecreto 2219/1996, do 11 de outubro e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Sexto

Desde o ano 2002, a Cruz Vermella iniciou o proxecto "SEN TEITO", enmarcado nos chamados Programas de Inserción, Inclusión e Lolta contra a Exclusión. Este proxecto inaugurou unha liña de traballo destinada a cofecer as necesidades dos chamados "sen fogar" ou "sen teito" e os recursos existentes en Galicia para dar cobertura ás necesidades e demandas que este colectivo presenta.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Sétimo

O Concello de Santiago de Compostela e Cruz Vermella, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos e de conformidade co previsto nos artigos 22 apartado 2c) e 19 apartado 4.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectivamente, segundo os cales excepcionalmente poderán concederse de forma directa subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e, polo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. - OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento dos seguintes programas e proxectos:

- **PROXECTO DE EQUIPO DE INTERVENCIÓN CON COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SEVERA.**

Para levar a cabo estes proxectos ou programas o custe total aproximado, ascende a un total de **15.000€ (QUINCE MIL EUROS) (Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).**

Así mesmo, a través do presente convenio a entidade ofrecese ó Concello de Santiago como entidade colaboradora para acoller a persoas que están a realizar traballos en beneficio da comunidade como forma de integración social.

SEGUNDA. - CONTIDO.

- DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:

PROXECTO DE EQUIPO DE INTERVENCIÓN CON COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SEVERA.

• **DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

Cruz Vermella, prioriza a atención daquelas persoas cun perfil de exclusión social severa, persoas que non acceden os recursos por descoñecemento ou polas súas propias reticencias, con deterioro físico e psíquico e cun longo tempo de estancia na rúa, para iso pon e en marcha en tódolos equipos unidades de rúa co fin de realizar saídas periódicas para a identificación e achegamento a estas persoas.

Á atención de rúa hai que engadirle outras dúas liñas de actuación prioritarias nesta etapa: a atención individualizada e o traballo en rede.

Premisas básicas da nosa actuación:

1. O traballo na rúa.

2. A participación activa do voluntariado na intervención.

3. Manter unha estreita colaboración cos servizos sociais municipais, cos servizos sanitarios, forzas de seguridade e outros recursos, entidades e institucións que atenden as necesidades básicas de aloxamento, manutención, sanitarias e sociais para facilitar a mellora da atención as persoas en exclusión .

4. Manter unha canle de información a poboación en xeral a través de actividades de sensibilización para mellorar a colaboración da cidadanía.

• **OBXECTIVOS E PRIORIDADES**

OBXECTIVO XERAL

Fortalecemento dun equipo de intervención de rúa, especializado na intervención con persoas en situación de exclusión social severa, que a través de visitas e seguimentos xere un espazo de confianza entre usuarios e institucións capaz de identificar e abordar problemáticas severas, e a partir delas, acompañar ás persoas durante o seu proceso de inclusión.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

- Orientar sobre dereitos, trámites e recursos, vinculados ao sistema sanitario.



CONCELLO DE
SANTIAGO



- Acompañar ás persoas en exclusion a recursos de saúde.
- Orientar grupal ou individualmente sobre coidado e imaxe persoal/hábitos saudables.
- Ofrecer orientación ás persoas sen fogar sobre recursos sociais e/ou comunitarios existentes que contribúan a fortalecer a súa rede social. Así como sobre as axudas existentes.
- Acompañar ás persoas en exclusion a recursos (fortalecer arraigo social e/ou regularizar situación administrativa).
- Ofrecer a posibilidade de pago de pensións a través de becas estratéxicas as persoas que pernoctan na rúa como inicio dun traballo individualizado.
- Realizar entregas de produtos de abrigo e alimentación.
- Avaliación/Valoración das persoas usuarias e participación na elaboración dos itinerarios persoalizados de inserción, así como a derivación a entidades que se valoren idóneas atendendo a cada caso.



ÁMBITO TERRITORIAL

Concello de Santiago de Compostela.


• PERSONAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO

Cruz Vermella Santiago, intervirá co colectivo de persoas en exclusión social severa, aquelas persoas incapaces de acceder e/ou conservar un aloxamento axeitado polos os seus propios medios ou coa axuda dos servizos sociais, adaptado a súa situación persoal e que lle proporcione un marco estable de convivencia, ben sexa por razóns económicas ou outras barreiras sociais, ou ben que presenta dificultades persoais para levar a cabo unha vida autónoma.

• IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMIENTO

Preténdese abordar os casos de persoas que están en situación de rúa a través dunha metodoloxía baseada na xestión de recursos, intervención centrada no presente, cunha relación de axuda estruturada, e unha abordaxe interdisciplinar.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO



Persoal para intervención, xestión de casos, coordinación, labores administrativas. Vehículo para rutas, material para usuarios/as (sacos, vestimenta, kits de hixiene), pensións, etc

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

Para a valoración dos/as usuarios/as vanse elaborar Itinerarios personalizados de cara o traballo individual. Vamos a ter en conta o número de casos abordados, que se van a avaliar nas mesas de traballo conxuntas coas entidades implicadas no traballo con este colectivo.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

Notas de prensa, información as diferentes entidades, etc.

- **DATAS**

O proxecto vaise desenvolver dende o 1 de Novembro ata o 31 de Decembro de 2015.

- **ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:**

1. NOME DA ACTIVIDADE

RUTAS DE RÚA

DESCRIPCIÓN

Detección de casos na rúa, a través de visitas os diferentes lugares de pernocta, asistencia e entrega de materiais de primeira necesidade.

OBXECTIVOS

- Inicio dunha relación e alianza coa persoa usuaria e creación do vínculo.
- Ofrecer a posibilidade de poder pernoctar en pensións.
- Coñecer a situación persoal e necesidades

PERSONAS DESTINATARIAS, NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN

Persoas en situación de exclusión social severa, carentes de rede social de apoio.

LUGAR DE REALIZACIÓN

Santiago de Compostela





**CONCELLO DE
SANTIAGO**



ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Rutas de rúa:

- Mañá: Lunes a Venres.
- Tarde: Lunes a a Venres.
- Fin de semana.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Técnicos, vehículos, recursos materiais (abrigo, comida, etc).

DATAS

1 de Novembro a 31 Decembro de 2015.

2. NOME DA ACTIVIDADE

ACOMPANÑAMENTOS A XESTIONS, CITAS MÉDICAS ETC..

DESCRIPCIÓN

Acompañar os/as usuários/as a citas médicas, citas coa administración, xestión de documentación, etc..

OBXECTIVOS


- Desbloquear pequenos conflitos, necesidades e traballar o comportamento proactivo.
- Deseño do plan individualizado de intervención conxunto cos servizos adecuados atendendo a cada caso.
- "Acompañamento" no proceso, na busca e ensaio de respostas de saída, IPIS.
- Derivación aos recursos especializados adecuados a cada situación.
- Reforzo e apoio emocional constante.

PERSOAS DESTINATARIAS, NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN

Persoas en situación de exclusión social severa, carentes de rede social de apoio.

LUGAR DE REALIZACIÓN





CONCELLO DE SANTIAGO



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

Santiago de Compostela.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Acompañamentos diarios a recursos da cidade como parte de proceso de inserción e, saída da situación.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Técnicos, vehículos, pago de becas para xestións.

DATAS

1 de Novembro a 31 Decembro de 2015.

3. NOME DA ACTIVIDADE

XESTIÓN DE CASOS

DESCRIPCIÓN

Traballo coa persoa de forma integral, concertando citas, acudindo ós servizos que se necesiten, coordinación cos servizos sociais e entidades da rede.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE

- Desbloquear pequenos conflitos, necesidades e, traballar o comportamento proactivo.
- Deseño do plan individualizado de intervención conxunto cos servizos adecuados atendendo a cada caso.
- "Acompañamento" no proceso, na busca e ensaio de respostas de saída, IPIS.
- Derivación aos recursos especializados adecuados a cada situación.
- Reforzo e apoio emocional constante.

PERSOAS DESTINATARIAS, NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN

Persoas en situación de exclusión social severa, carentes de rede social de apoio.

LUGAR DE REALIZACIÓN

Santiago de Compostela.



ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Realización de itinerarios individualizados, traballo en rede, coordinación coas entidades da rede (Diaria).

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Técnicos, vehículos, pago de becas para xestións de casos.

DATAS

1 de Novembro a 31 Decembro de 2015.

TERCEIRA. -CONTÍA DA AXUDA

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2015, achegará a **CRUZ VERMELLA** a cantidade de **QUINCE MIL EUROS (15.000 euros)**, con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 48001**.

QUARTA.-GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.

- b) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades: serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das actividades ou programas subvencionados. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- c) Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados: elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina).

- d) Outros gastos correntes, que estean debidamente xustificados e se consideren estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.
- e) En ningún caso serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc.) con cargo os proxectos ou actividade subvencionada, nin dietas por estes conceptos relativas o persoal que preste servizos no desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- f) Non se consideraran gastos subvencionables os efectos da presente subvención os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado.

QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO

Respecto da forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2015 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2015). Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

O pago realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como data límite o 30 de decembro de 2015, a seguinte documentación:

1. Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura (**ANEXO I**).
2. Unha memoria das actividades realizadas no proxecto (**ANEXO II**). Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.
3. Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio (**ANEXO III**).
4. Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de conformidade co **ANEXO IV**. No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO IX**. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.
5. Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade segundo o **ANEXO V**, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola Entidade no **ANEXO I**.
6. Unha memoria económica (**ANEXO VI**), en que se reflecta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.

7. A XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

1) FACTURAS:

A) Facturas orixinais de gasto (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso a documentación acreditativa do pago, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberan reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro., e no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.

B) As facturas, ou documentos equivalentes ou substitutivos, **presentaranse en orixinal e serán selados** pola Concellería da Área de Servizos Sociais, cun selo que indicará o procedemento para o que se presentan, ós efectos da súa validación. A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do RD 1619/2012 polo que se aproba o Regulamento de Facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, **deberán identificarse** no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

C) No caso de realizarse o **pago de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión "pago anticipado" ou outra análoga. Ademais, dacordo co art. 6 apartado i) do Regulamento

de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pago anticipado por parte do provedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.

D) Se presentan facturas pagadas en efectivo, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de "recibín ou pagado" e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pago ós efectos de xustificación da presente subvención establececese en 600 € (seiscentos euros) por factura (Lei 7/2012, do 29 de outubro). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo. (ANEXO VII).




2) No caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán aportase:

- a) Copias dos **contratos** dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.
- b) **Nóminas** de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar: data de pagamento, nome da persona que recibiu o pago, o mes o que corresponde dito pago así como o concepto (data da nomina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.
- c) **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- d) Retención á conta do imposto do **IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- e) Os custes de persoal deberan acreditarse mediante **Certificado de empresa** no que se acrediten os custes de **seguridade social e de empresa** asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración



responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada. **(ANEXO VIII)**

F) A xustificación do pago dos gastos imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

- 
1. Preferentemente mediante **transferencia bancaria**: xustificarase mediante copia do resgardo do cargo da mesma. E conterà, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.
 2. **Cheque**: ademais da copia do cheque firmado, xustificarase mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
 3. **Efectivo**: So se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministrados adquiridos en establecementos públicos, como gasolineras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscentos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben a través dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.
 4. No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá acompañarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.
 5. No caso de aportar xustificantes de pagamento bancarios no que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.





CONCELLO DE
SANTIAGO



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

8. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello de Santiago) e **Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.**

9. **Entregar debidamente cumprimentado o ANEXO IX** que forma parte do convenio no momento da súa xustificación asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade.

10. **Aportar o nº de identificación fiscal e nº de conta bancaria** na que facer o ingreso.

11. **Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a adecuada publicidade** do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería da Area de Servizos Sociais, mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio., polo que a tal efecto deberan presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, aportar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula, conforme o **ANEXO X.**

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **30 de decembro de 2015**, ós efectos no disposto no artigo 70.3 RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.





**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

SEXTA.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, **empregando obrigatoriamente os ANEXOS que forman parte do convenio**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen espirais, carpetas clasificadoras, arquivadores, encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivamento e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as Entidades; a presentación óptima realizarase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo grampas ou de suxección similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folia dos ~~modelos normalizados~~ dificulta o proceso nos rexistros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando que o selo do rexistro de entrada figure no documento da entidade beneficiaria de presentación da documentación preceptiva.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**




Así mesmo, co obxecto de verificar os datos contidos nos soportes documentais aportados será necesario que a Entidade axunte via telemática a documentación aportada, os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención a través da remisión de todos os **ANEXOS que se axuntan o convenio en formato WORD**, debidamente cumprimentados, a través do seguinte correo electrónico (ssociais@santiagodecompostela.org)- Concellería da Área de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello isto e, **30 de decembro de 2015**.

SÉTIMA. -OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2015, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento e, na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Remitir todos os ANEXOS que se axuntan o convenio en formato WORD, debidamente cumprimentados vía telemática a Concellería da Area de Servizos sociais os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar


os órganos de control competentes, aportando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- 
- e) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - f) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se encontra, o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
 - g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
 - h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.

A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na cláusula oitava do presente convenio.

- j) Proceder o reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei.
- k) Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.





**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

OITAVA.- PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería da Área de Servizos Sociais. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada polo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal e o seu regulamento.


A Concellaría da Área de Servizos Sociais do Concello de Santiago velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de

datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación dos expedientes correspondentes. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiras persoas; non obstante, o Concello de Santiago a través da Concellería da Área de Servizos Sociais, revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e lle sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, que poderán exercerse ben mediante escrito no cal se achegue identificación suficiente, dirixido ao seguinte enderezo: Concello de Santiago. Concellaría da Área de Servizos Sociais. Rua Isaac Díaz Pardo 2-4 (Galeras) 15705-Santiago de Compostela.



DÉCIMA. -AVALIACIÓN E INTERPRETACIÓN


Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico da Concellería da Área de Servizos Sociais e da Entidade). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.



Para os efectos de comprobar a execución do proxecto a Entidade beneficiaria remitira con carácter mensual dende a sinatura do convenio a Concellería da Área de servizos Sociais unha memoria das actividades desenvolvidas ata a data, seguindo a estrutura da memoria que se incorpora no ANEXO II do convenio.

A Concellería da Área de Servizos Sociais reserva para si o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e, de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

DECIMOPRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN



Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DECIMOSEGUNDA. -INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓN

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2015, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. As entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

DECIMOTERCEIRA.- RESPONSABILIDADE

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria. A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos dende o **1 de novembro de 2015** ata ó **30 de decembro de 2015**.

DECIMOQUINTA. CARÁCTER DO CONVENIO



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Este convenio ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polas cláusulas establecidas nel, e no non previsto, seranlle de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e na lexislación de Réxime Local aplicábel ao caso.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.


Polo Concello de Santiago de Compostela

Por Cruz Vermella



Asdo.: Dona Concepción Fernández Fernández

Asdo.: Don Leopoldo Vaamonde Mosquera



ANEXO I

**ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO
PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E SUBVENCIÓN**

**ACTIVIDADE/PROXECTO: PROXECTO DE EQUIPO DE INTERVENCIÓN CON COLECTIVOS EN
SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SEVERA DE CRUZ VERMELLA DOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO
DO ANO 2015.**

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2015
Personal Técnico encargado da coordinación e desenvolvemento da actividade	4.550€
Actividade: Material de primeira necesidade e vivenda	9.200€
Suministros e servizos	1.250€
TOTAL	15.000€



Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto.

O orzamento é un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.



ANEXO II

MEMORIA DO PROXECTO/ PROGRAMA

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN ,ENTIDADE OU FEDERACIÓN

NIF

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

Obxectivos e prioridades. Explicarase cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados

Persoas destinatarias. Explicarase a quen se dirixiu o proxecto, o seu número aproximado, o tramo de idade.

Sector de poboación atendida e número: Familia, Infancia e Xuventude, Muller, Persoas Maiores, Persoas valoradas como Dependentes, Aquelas Persoas que teñan recoñecida unha Discapacidade, Persoas pertencentes a Minorías Étnicas, Persoas sen fogar ou que habiten nunha infravivenda, Persoas Víctimas de explotación sexual ou trata, Mulleres vítimas de violencia de xénero, Persoas vítimas de violencia domestica, Persoas en proceso de deshabitación de substancias aditivas, Persoas emigrantes retornados/ás ou Persoas Inmigrantes, Persoas que teñan a condición de persoa refuxiada, e Persoas procedentes de institucións penitenciarias etc..





CONCELLO DE SANTIAGO



Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarase o equipo que levou a cabo as actividades e as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que se desenvolveron para a súa execución

Nome e apelidos	Funcións que levou a cabo no proxecto	Actividades en que participou	Tarefas que desenvolveu nas devanditas actividades



Explicar o impacto que tivo na comunidade destinatária do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento.

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto.

Explicar como se fixo a difusión e a visibilidade do proxecto. É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

Calquera outra información que considere preciso incluír para obter unha visión global da avaliación do proxecto. Describa as dificultades e os apoios que se presentaron na execución do proxecto





**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

PERSOA DE CONTACTO PARA REALIZAR CONSULTAS SOBRE A PRESENTE XUSTIFICACIÓN

NOME

APELIDOS

FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE

ENDEREZO ELECTRÓNICO

TELÉFONO/S

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO (se o desenvolvemento do proxecto conleveu a execución de varias actividades. Deberá ser cuberta para cada unha das actividades repetindo o esquema)

NOME DA ACTIVIDADE.

DESCRIBIR O QUE SE FIXO.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

LUGAR DE REALIZACIÓN

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

DATAS (indicar meses/días no que comezou e terminou a actividade)





CONCELLO DE SANTIAGO



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZÓN SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS


N CALIDADE DE



DECLARO que a Entidade/Asociación _____ ten cumprido co obxecto do convenio asinado con Concello de Santiago no ano 2015, para o desenvolvemento _____ da _____ Actividade/ Programa/Proxecto _____, de conformidade coas cláusulas contidas no mesmo.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, Infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEGISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2015 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2015) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2015. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de





CONCELLO DE SANTIAGO



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2015.





**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

ANEXO IV

**DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS, CONCEDIDAS OU PERCIBIDAS
PARA A MESMA FINALIDADE**

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE




DECLARO que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a mesma finalidade,

PROGRAMA/ACTIVIDADE _____

_____ obxecto do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago de Compostela, para o ano 2015, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais son os seguintes:

Ningunha outra axuda ou subvención.

Outras axudas ou subvencións.





CONCELLO DE
SANTIAGO



CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P(1)	(2)IMPORTE (€)	%(3)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE (4)

(1) Indíquese o que corresponda S(solicitada),C(concedida),P(percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe da axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración /Entidade pública concedente e, data da resolución. Debe aportarse COPIA DA RESOLUCIÓN en caso afirmativo.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un fichero para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do fichero.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2015 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2015) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2015. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2015.



CONCELLO DE SANTIAGO



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

ANEXO V

RELACIÓN DE FACTURAS/DOCUMENTOS QUE SE PRESENTAN PARA A XUSTIFICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO que a relación de **FACTURAS** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Concello de Santiago para a realización da actividade/ programa /proyecto _____

_____ do ano 2015 son as seguintes:

(1*)CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEDOR/A OU EMISOR/A	NIF-ROVEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	(2*)FORMA DE PAGO	IMPORTE (€)





**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

(1*) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á firma do convenio.

(2*) Forma de pago: Cheque, Transferencia, Efectivo.

DECLARO que a relación de **NOMINAS/ RETRIBUCIÓNS DE TRABALLADORES/AS** destinados a desenvolver a actividade/ programa _____ do convenio asinado co Concello de Santiago, para o ano 2015 que se presentan para a xustificación son as seguintes:

DATA NÓMINA	NOME TRABALLADOR/A	IMPORTE NÓMINA	SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE PAGO	FORMA DE PAGO

Desexa a devolución das facturas orixinais?

- SI (Lembre que, para solicitar a devolución, deben achegar os orixinais e unha copia das facturas e dos xustificantes do seu pagamento).
- NON .

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación,



CONCELLO DE SANTIAGO




cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do fichero.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2015 (BOP nº 3 de 7 de xanelro de 2015) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2015. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2015.



**ANEXO VI
MEMORIA ECONÓMICA**

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

ORZAMENTO DO PROXECTO

Número da factura/ Data da nomina	Provedor/a Traballador/a	Importe	Vinculación detallada e explicación da súa necesidade, do gasto executado por cada actividade ou actuación concreta dentro do proxecto. Non é válida a simple descrición do concepto facturado.



ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DAS FACTURAS PAGADAS EN EFECTIVO.

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO que na relación de **FACTURAS pagadas en efectivo** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Excmo. Concello de Santiago para a realización da actividade/ programa _____ do ano 2015 son as seguintes:

(1*) CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEDOR/A OU EMISOR/A	NIF-ROVEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	(2*) FORMA DE PAGO	IMPORTE (€)





CONCELLO DE SANTIAGO



--	--	--	--	--	--	--	--

(1*) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á firma do convenio.

(2*) Forma de pago: Efectivo.

DECLARO que ditas facturas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da Asociación/ Entidade _____

Así mesmo,
DECLARO coñecer que non poderanse presentar facturas pagadas nesta modalidade con importe superior ó **limite establecido no presente convenio, que establecese en 600€ (seiscentos euros)** por cada factura, non podendo fraccionar o importe da facturas co obxecto de dar cumprimento a Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e presupostaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.




En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2015 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2015) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2015. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA
de.....de 2015.





**CONCELLO DE
SANTIAGO**



ANEXO VIII

**DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DOS/AS TRABALLADORES/AS DESTINADOS A
DESENVOLVER AS ACTIVIDADES DO PROXECTO OU PROGRAMA**

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E. NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF
EN CALIDADE DE




DECLARO que os/as traballadores/as que se mencionan, estiveron destinados a desenvolver o programa/actividade subvencionada _____

_____ obxecto do convenio o asinado co Excmo. Concello de Santiago, para o ano 2015.

DNI	NOME/ APELIDOS-TRABALLADOR/A	CATEGORIA	XORNADA
		PROFESIONAL	LABORAL





CONCELLO DE SANTIAGO



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2015 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2015) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2015. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE



LUGAR E DATA

.....de.....de 2015.



ANEXO IX
XUSTIFICACIÓN XERAL DA SUBVENCIÓN

D. _____ como representante legal de :

Entidade beneficiaria
CIB/NIF

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Actividade ou programa:
Convocatoria:
Datas de realización:
Importe da actividade:
Importe da subvención concedida:



2º.- Que os gastos xerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

RELACIÓN DE FACTURAS

Nº DE FACTURA OU DATA DA NÓMINA	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGO





CONCELLO DE SANTIAGO



	IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=		

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL=	


4º.- Que os Ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de€, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL=	

5º.- Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a

6º.-Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos Ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as aportacións á actividade subvencionada.

O que asino en _____ a data de _____
Sinatura





CONCELLO DE
SANTIAGO



Cruz Vermella

Santiago de Compostela

ANEXO X

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO
FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE**

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE



DECLARO ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/
actividade

subvencionada _____

_____ obxecto do convenio, asinado co Excmo. Concello de Santiago no ano 2015, de
conformidade co establecido na cláusula oitava do convenio, en cumprimento do disposto na
normativa reguladora das subvencións.

A tal efecto achegase coa memoria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicte o
desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos cartels empregados.

- Aportase como soportes documentais (cartels, folletos, enquisas, captura de pantalla paxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc*) xustificativos o/s seguinte/s:





CONCELLO DE SANTIAGO




Cruz Vermella

Santiago de Compostela

- Indícanse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2015(BOP Nº) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2015. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).



SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2015.



